



**O FUTURO
XA ESTÁ NAS
TUAS MANS
ICO 2015**

LIÑAS ICO 2015
para empresas e
autónomos




LIÑAS **ICO** 2015

O Instituto de Crédito Oficial pon a disposición de empresas e autónomos financiamento en condicións preferentes a través das Liñas ICO 2015.

As Liñas ICO 2015 articúlanse en dúas grandes áreas de actuación: Empresas e Emprendedores e Internacional, co obxectivo de financiar os proxectos de investimento e as necesidades de liquidez das empresas e autónomos, tanto en España coma no exterior.

- ICO Empresas e Emprendedores....páx. 2
- ICO Garantía SGR/SAECA.....páx. 3
- ICO Exportadores.....páx. 4
- ICO Internacional.....páx. 5

ICO recibiu financiamento de BEI, KfW, CEB e CAF en condicións vantaxosas destinadas ao financiamento de investimentos de emprendedores, pemes e empresas de mediana capitalización.



ICO EMPRESAS E EMPRENDEDORES 2015

Cientes: autónomos, empresas e entidades públicas ou privadas, tanto españolas coma estranxeiras, que realicen investimentos produtivos en España e/ou necesiten cubrir as súas necesidades de liquidez.

Tamén poden solicitar financiamento a través desta Liña particulares, comunidades de propietarios e agrupacións de comunidades de propietarios exclusivamente para a rehabilitación das súas vivendas e edificios ou reforma dos seus elementos comúns.

Importe máximo por cliente: ata 12,5 millóns de euros, nunha ou varias operacións.

Conceptos financiáveis:

- Liquidez: ata o 100% para gastos de circulante.
- Investimentos produtivos dentro do territorio nacional:
 - Activos fixos produtivos, novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos, cuxo importe non supere os 30.000 euros.
 - Adquisición de empresas.
 - Ata 50% para gastos de circulante vinculados ao investimento.
 - Rehabilitación de vivendas e edificios para particulares.

Tipo de xuro: fixo ou variable, máis a marxe establecida pola Entidade de Crédito segundo o prazo de amortización.

Amortización e carencia: 1, 2, 3, 4, 5, 7, 10, 12, 15 e 20 anos con ata 2 anos de carencia se se financia investimento, ou investimento e liquidez. 1, 2, 3 e 4 anos con ata 1 ano de carencia se se financia 100% liquidez.

Comisións: a Entidade de Crédito non pode cobrar comisións, agás por amortización anticipada.

Garantías: serán determinadas pola Entidade de Crédito coa que se tramite a operación, agás aval de SGR/SAECA.

ICO GARANTÍA

SGR/SAECA 2015

Cientes: autónomos, empresas e entidades públicas ou privadas que contén co aval dunha Sociedade de Garantía Recíproca (SGR) ou da Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), para investimentos realizados en España ou necesidades de liquidez. Para investimentos no exterior, as empresas deberán estar domiciliadas en España ou ter capital maioritariamente español.

Importe máximo por cliente: ata 2 millóns de euros nunha ou varias operacións.

Conceptos financiáveis:

- Liquidez: ata 100% para gastos de circulante.
- Investimentos produtivos dentro e fóra do territorio nacional:
 - Activos fixos produtivos, novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos, cuxo importe non supere os 30.000 euros.
 - Adquisición de empresas.
 - Creación de empresas no estranxeiro.
 - Ata 50% para gastos de circulante vinculados ao investimento.

Tipo de xuro: fixo ou variable, máis a marxe e custo do aval establecido pola Entidade de Crédito e a SGR/SAECA segundo o prazo de amortización.

Amortización e carencia: 1, 2, 3, 4, 5, 7, 10, 12 e 15 anos con ata 2 anos de carencia se se financia investimento, ou investimento e liquidez. 1, 2, 3 e 4 anos con ata 1 ano de carencia se se financia 100% liquidez.

Comisións: a SGR ou SAECA cobrarán unha comisión de estudo de ata o 0,5% sobre o importe avalado. Adicionalmente, a SGR cobrará unha comisión sobre o importe avalado de ata o 4% en concepto de cota social mutualista.

En caso de amortización anticipada cobrarase unha comisión por cancelación.

Garantías: a Entidade de Crédito, a SGR ou SAECA realizarán unha análise de cada solicitude e determinarán as garantías que hai que achegar.

Clientes: autónomos e empresas con domicilio social en España que desexen obter liquidez mediante o anticipo do importe das facturas procedentes da súa actividade exportadora ou cubrir os custos previos de produción e elaboración dos bens ou servizos obxecto de exportación.

Importe máximo por cliente: ata 12,5 millóns de euros de saldo vivo nunha ou varias operacións.

Conceptos financiáveis:

- Anticipos de facturas cun vencemento non superior a 180 días.
- Prefinanciamento para cubrir os custos de produción e elaboración do ben ou servizo obxecto de exportación.

Modalidade: a Entidade de Crédito e o cliente poderán formalizar o contrato de financiamento que acorden as partes. No caso de prefinanciamento, o documento achegado deberá identificar de forma clara a operación obxecto de financiamento.

Tipo de xuro: variable máis a marxe establecida pola Entidade de Crédito segundo a tipoloxía da operación.

Garantías: serán determinadas pola Entidade de Crédito coa que se tramite a operación.

ICO

INTERNACIONAL 2015

Clientes:

Tramo I Inversión e Liquidez: autónomos, empresas e entidades públicas ou privadas domiciliadas en España ou con domicilio no estranxeiro que contén con capital maioritariamente español.

Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo: empresas españolas ou estranxeiras que soliciten financiamento a medio e longo prazo para a compra/venta de bens ou servizos.

Importe máximo por cliente: ata 12,5 millóns de euros ou o seu contravalor en dólares (USD) para Tramo I. Ata 25 millóns de euros ou o seu contravalor en dólares (USD) para Tramo II, nunha ou varias operacións.

Conceptos financiables:

Tramo I Inversión e Liquidez:

- Liquidez: ata 100% para gastos de circulante.
- Inversións produtivas fóra do territorio nacional:
 - Activos fixos produtivos, novos ou de segunda man.
 - Vehículos turismos, cuxo importe non supere os 30.000 euros.
 - Adquisición de empresas.
 - Ata 50% para gastos de circulante vinculados ao investimento

Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo:

- Crédito subministrador: financiamento destinado a empresas con domicilio social en España para a venda de bens ou servizos a empresas con domicilio social fóra de España.
- Crédito comprador e/ou financiamento complementario: financiamento con empresas con domicilio social fóra de España para a adquisición de bens ou servizos exportados por empresas con domicilio social en España.

Tipo de xuro: fixo ou variable (euro ou dólar USD), máis a marxe establecida pola Entidade de Crédito segundo o prazo de amortización.

Amortización e carencia:

Tramo I Inversión y Liquidez:

1, 2, 3, 4, 5, 7, 10, 12, 15 e 20 anos con ata 2 anos de carencia se se financia investimento ou investimento e liquidez. 1, 2, 3 e 4 anos con ata 1 ano de carencia se se financia 100% liquidez.

Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo:

2, 3, 4, 5, 7, 9, 10 e 12, anos con ata 3 anos de carencia.

Comisións: no caso do Tramo II Exportadores Medio e Longo Prazo, a Entidade de Crédito poderá aplicar unha comisión de estudo/apertura. En todos os casos, aplicarase unha comisión por amortización anticipada.

Garantías: serán determinadas pola Entidade de Crédito coa que se tramite a operación, agás aval de SGR/SAECA.

www.íco.es
900 121 121



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ECONOMÍA
Y COMPETITIVIDAD

